



Arriba, Javier López, Rosario Álvarez y Santamaría. Abaixo, Moralejo, Monteagudo, Bugarín y Babarro.

Revolución da filoloxía galega

■ *Catro autores modernizan a historia, a onomástica e o léxico da lingua*

vigo

ANA BAENA

O Instituto de Lingua Galega e a Fundación Pedro Barrié de la Maza presentaron catro novos títulos da colección Biblioteca Filolóxica Galega: "O galego fundamental. Diccionario de frecuencias", de M^a Xesús Bugarín; "Callaica nomina. Estudos de onomástica gallega", de José Moralejo; "Letras primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os priordios da África trobadoresca e a emerxencia do galego escrito", de Xosé Henrique Monteagudo, e "Poesía completa de Antolín Santos Mediante", de Xoán Babarro: "Con estas publicacións queremos trasladar á cidadanía os resultados relevantes sobre lingüística e filoloxía galega", sostivo Rosario Álvarez, directora do Insti-

tuto da Lingua Galega, perante o acto de presentación na Fundación, que contou coa presenza de Javier López, director da Pedro Barrié e de Antón Santamaría, director da serie, ademais dos catro autores que falan da súa obra.

Na súa intervención, M^a Xesús Bugarín recalcou que a súa publicación "trátase dun traballo pioneiro que supón a base para finalidades tan diversas como a elaboración de plans de estudo para o ensino do galego, para programas do estilo de 'Aprender galego en 1.000 palabras'; para dinámicas de recuperación de pacientes con perda da fala ou con problemas de lectura; para aplicación en axendas electrónicas de composición de mensaxes, ou no deseño de xogos do estilo de Pasapalabra".

José Moralejo afirmou da

súa obra que non introduce novos campos de investigación, pero amosa "un achegamento máis profundo á onomástica prerromana, insistindo nos tesouros prehistóricos do galego; ademais fago un repaso crítico á fundación mitolóxica das prazas galegas: Diomenes en Tui, Teucro en Pontevedra, Noé en Noia e Ilia, a princesa trolana fuxida en Iria Flavia".

Xosé Monteagudo reseñou "a importancia do datación do diploma notarial de Caldelas porque demostra o uso do galego en documentos oficiais no século XII, facendo fincapé no impulso que Alfonso X fixo para o carácter oficial do galego, non só lírico".

E pola súa banda, Xoán Babarro presentou "a primeira escolma de Antolín Santos, o poeta asturiano que escribiu en galego no Rexurdimento".